



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior en ciberseguridade

CONVOCATORIA: Curso superior en ciberseguridade

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	102
-----------------------	----------------	--------------	----------	---------------	-----

ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
------------------------	----------	----------------	-----------	-------------	------

MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL + TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1
-------------------------	----------------------------	-------------------	----------	------------------	---

DATA MATRÍCULA: Do 20/03/2024 - 09:00h ao 24/03/2024 - 23:59h

RESPONSABLE: SIMÓN CUESTA, BEATRIZ [beatriz.simon.cuesta@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O Curso superior en ciberseguridade pretende afondar no coñecemento desta materia, tanto desde unha perspectiva técnico-xurídica como desde unha perspectiva práctica, de xeito que poden destacarse como principais obxectivos do curso os seguintes:

- Concienciar o alumnado sobre a relevancia e importancia da ciberseguridade desde unha perspectiva normativa, técnica e práctica e, así mesmo, dotalo das boas prácticas para previr e detectar contratemplos no emprego de sistemas das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).
- Tratar os aspectos relacionados coas políticas de seguridade na utilización de medios electrónicos, que se recollen no Esquema nacional de seguridade (ENS).
- Proporcionar ao alumnado unha visión global da seguridade dos sistemas de información, das súas vulnerabilidades, das ameazas a que están sometidos e dos riscos que comporta o seu uso.

DESTINATARIOS

O curso está dirixido ao persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; da Administración local; dos órganos estatutarios, e das universidades do Sistema universitario de Galicia, sempre que teña, en calquera das anteriores administracións, perfil en tecnoloxías da información e das comunicacións (pertencente a escalas de sistemas e tecnoloxías da información ou que realice funcións TIC) que poida xustificar debidamente que as súas funcións están relacionadas coa materia impartida e que se encadren nas seguintes categorías:

- Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non cubrir a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán ser cubertas por persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada, do subgrupo C1 do persoal funcionario ou do grupo III do persoal laboral con perfil en tecnoloxías da información e das comunicacións (pertencente a escalas de sistemas e tecnoloxías da información ou que realice funcións TIC) e que poida xustificar debidamente que as súas funcións están relacionadas coa materia impartida.

PROGRAMA

AVISO:

A primeira sesión de telepresenza do curso será o día 9 de abril (non o 10 de abril que figura na convocatoria DOG).

O programa-díptico actualizado estará dispoñible na web da EGAP, no espazo desta actividade.

A modalidade de impartición do curso será mixta, con sesións presenciais, de telepresenza e de teleformación.

Os contidos do curso, indicados no ANEXO I da convocatoria, serán os seguintes:

Sesión presencial:

- Práctica xurídica en ciberseguridade.

Teleformación:

- Ciberseguridade básica.
- Esquema nacional de seguridade.
- Seguridade das tecnoloxías da información e das comunicacións.

Módulo de telepresenza.

- Medidas de prevención e boas prácticas en ciberseguridade.
- Ferramentas do Centro Criptolóxico Nacional.
- Ataques sector público (APT).
- Marco estratéxico e normativo de ciberseguridade.
- Seguridade en redes sen fíos.
- Seguridade en plataformas móbiles.
- Esquema nacional de seguridade: novo ENS. Portal de gobernanza.
- Esquema nacional de seguridade: plan de adecuación e declaración de aplicabilidade. Modelo microCeEns. AMPARO. INES.
- Xestión da ciberseguridade na Amtega.
- Informática forense.
- Ciberseguridade na nube.
- Ciberseguridade OT e IOT.
- Xestión de incidentes (caso de estudo) e xestión de cibercrises.
- Seguridade en aplicacións web.
- Cybercrime e bug bounty.
- EDR e caza de ameazas (threat hunting).
- Protección de aplicacións web (WAF) e protección ante ataques DDOS.
- Ecosistema galego de ciberseguridade.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo cos criterios indicados na base cuarta da convocatoria respecto das persoas destinatarias da actividade. A orde de selección virá determinada pola data e a hora de inscrición.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo coas persoas destinatarias e criterios de selección establecidos nas bases cuarta e oitava, respectivamente, da convocatoria.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa) e, despois, seleccionar en «nome do curso»: Curso superior en ciberseguridade.

O prazo para a inscrición permanecerá aberto desde as 9.00 horas do día seguinte á publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia ata as 23.59 horas do día 24 de marzo de 2024.

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTA

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 02/04/2024 a 26/06/2024

NUM. PRAZAS: 70

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 26/06/2024 ás 16:00h

DOCENTES NOMEADOS

Noemi Rodríguez García

BELEN PEREZ RODRIGUEZ

Fernando Suárez Lorenzo

Daniel Fernandez Martinez

Mauricio Trujillo Londoño

ELIAS MAZAS BRANDARIZ

Edmundo Figueiras Gómez

Maria Pilar Vila Avendaño

Borja Pintos Castro

Antonio José Fernandes Vazquez

Miguel Ransanz Hernández

Pablo Díaz Otero

GUSTAVO HERVA IGLESIAS

DAVID GONZALEZ GONZALEZ

Alejandro Vázquez Vázquez

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 02 de abril de 17:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sala telepresenza: O día 14 de maio de 16:00 a 19:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 09 de abril de 16:00 a 19:00. O día 07 de maio de 16:00 a 19:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: Os días 17 e 24 de abril de 16:00 a 19:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: Os días 22, 27 e 29 de maio de 16:00 a 19:00. Os días 05, 12 e 19 de xuño de 16:00 a 19:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>